

Entradas

1. As portas ábrense e o alumnado entrará cando sone o timbre, é dicir ás 8:55h.
2. Varios profesores acompañarán ao alumnado transportado dentro do centro
3. AS FAMILIAS DO ALUMNADO QUE ENTRA POLA CANCELADA GRANDE A PRIMEIRA HORA (PRIMARIA) NON PODERÁN ENTRAR NO CENTRO EDUCATIVO. Agardarán fóra do recinto ao igual que o curso pasado.
4. O alumnado de EI (Educación Infantil) entrará pola porta principal (corredor). Poderá entrar acompañado do pai/nai/titor legal, que realizarán a saída pola mesma porta de entrada, para non entorpecer ao alumnado que entra pola porta da Fonte.
5. 1º e 2º de E. Primaria entrará pola Cancela grande e ira cara a entrada da fonte.(primeiros días recollerá ao alumnado o profesorado)
6. 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria entrará pola Cancela grande e ira cara o patio cuberto.
7. Non se poderá xogar con balóns nin na entrada nin na saída.

Saídas

1. Dous toques de timbre: un primeiro para EI ás 13:50h e outro, ás 13:55h, para EP.
2. Dous profesores a última hora acompañaremos ao alumnado na garda de autobús.
3. Os alumnos de EI serán recollidos polos pais/nais ou persoas autorizadas na entrada do patio da fonte, sen quedar no corredor para non entorpecer a saída.
4. O alumnado que sae só (5º e 6º de primaria) sairá pola cancela grande, e poderán recoller na saída aos seus irmáns cunha autorización asinada polos pais/nais e titores legais.
5. Os pais/nais ou persoas autorizadas por estes para recoller ao alumnado deberán entrar e saír pola cancela grande e realizar a recollida na zona do arereiro.

Recoméndase facer fincapé en que se realicen unhas entradas e saídas o máis correctas posible.

Normas de organización e funcionamento 2022-23

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES FUNCIONARÁN DE 16 A 18H

O alumnado que quede ao comedor e estea apuntado a unha actividade extraescolar, irá directamente co monitor a esa actividade extraescolar contratada e ao remate será recollido polas familias.

EN CASO DE ESTAR EN 5º E 6º DE PRIMARIA LEEDE O APARTADO
BIBLIOTECA TARDE

BIBLIOTECA DA TARDE

O horario da Biblioteca será de 16h a 18h.

O alumnado que quede na biblioteca estará sempre baixo a supervisión do pai/nai/titor legal ou por un autorizado/a por eles mesmos.

PÓDESE:

- No caso de estar cursando 5º ou 6º de primaria, o alumnado, poderá entrar e sair SÓ/SOA da biblioteca nese horario e sair do centro libremente sempre que as familias asinen unha autorización específica para tal fin (entregarase o 1º día de escola).
- O alumnado de 5º ou 6º que teñan irmáns poden estar ao cargo e compartir a biblioteca con eles/as nese horario cunha autorización específica asinada para tal fin, que tamén se entregará ao alumnado o 1º día de clase.